

**ACORDO do 6 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial da Coruña, polo que se somete a información pública a solicitude de autorización administrativa previa, a autorización administrativa de construción, o estudo de impacto ambiental (EIA) e o proxecto de interese autonómico (PIA) do proxecto do parque eólico Soesto, nos concellos de Laxe e Vimianzo (A Coruña) (expediente IN408A 2020/073B), DOG Núm. 177, de 16 de setembro de 2022. **Prazo para remitir achegas: 31/10/2022****

[https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220916/AnuncioV0653-070922-0007\\_gl.html](https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2022/20220916/AnuncioV0653-070922-0007_gl.html)

<https://ceei.xunta.gal/transparencia/informacion-publica/en-tramitacion/instalacions-de-xeracion>

NOME DO PROXECTO	PROMOTORA	MUNICIPIOS AFECTADOS	CARACTERÍSTICAS
parque eólico Soesto (expediente IN408A 2020/073B)	EDP Renovables España, S.L.U. (CIF: B-91115196)	Laxe e Vimianzo (A Coruña)	<ul style="list-style-type: none"> <li>– 2 aeroxeradores modelo SG-155 do fabricante Siemens-Gamesa ou semellante, de potencia 6 MW de potencia unitaria. Aeroxeradores de velocidade e paso variable, teñen unha altura de buxa de 122,5 m e diámetro de rotor de 155 m.</li> <li>– 2 centros de transformación, un dentro de cada aeroxerador, para incorporar a enerxía producida á rede de media tensión. Os centros de transformación de tipo seco en góndola de potencia unitaria 6.500 kVA, illados mediante resina epoxi, con relación de transformación 0,69/30 kV, trifásicos de servizo continuo, coas súas correspondentes celas de illamento de hexafloruro de xofre e corte.</li> <li>– Rede eléctrica soterrada de 30 kV, de interconexión entre os centros de transformación dos aeroxeradores e a subestación transformadora Monte Chan 30/220 kV (no obxecto do presente proxecto), composta por un circuíto formado por cables unipolares tipo AL-RHZ1 de seccións 150 mm<sup>2</sup> e 240 mm<sup>2</sup> de aluminio.</li> <li>– Rede de terras xeral de modo que as instalacións electromecánicas formen un equipo equipotencial; conéctase á rede de terras da subestación. A posta a terra estará formada por condutor de Cu espido de 50 mm<sup>2</sup>, que se instalará en canalización conxunta cos cables de potencia e comunicacións.</li> <li>– Rede de comunicacións constituída por condutor de fibra óptica.</li> <li>– Una torre meteorolóxica de 122,5 m.</li> <li>– Obxecto do presente expediente é a ampliación da subestación transformadora Monte Chan (obxecto de proxecto independente, en tramitación). A ampliación consiste na instalación de dúas celas con envolvente metálica, para instalación en interior, agrupadas nun (1) embarrado para recibir o circuíto de 30 kV coa configuración de 1 cela de liña, 1 cela de batería de condensadores.</li> </ul> <p>O módulo disporá dun colector xeral de terras executado en cobre electrolítico, cunha sección de 120 mm<sup>2</sup>, ao cal se conectarán en xeral todas as partes metálicas non sometidas a tensión.</p>

			A evacuación da enerxía xerada no parque realizarase partindo da subestación transformadora Monte Chan, no obxecto do presente proxecto, a través dunha liña de alta tensión, no obxecto do presente proxecto.
--	--	--	--

Documentación que se expón:

1. O proxecto de execución (xullo de 2021, visado o 11.8.2022).
  - 1.1. O plano xeral das instalacións do proxecto.
2. O estudo de impacto ambiental (EIA) (abril de 2022, asinado o 25.4.2022).
3. O proxecto de interese autonómico (PIA) (abril de 2022, asinado o 18.4.2022).